




Quico Domínguez: na procura da xustiza

Silvestre Gómez Xurxo

O pasado 31 de decembro finou en Vigo Xosé Francisco Domínguez Martínez, Quico Domínguez. Por moito que o desenlace fose agardado despois de ter el pasado dous anos enfermo, a repercusión do seu falecemento foi ben grande. Aínda andamos arrombando as pezas no forno no que cocen os sentimentos, buscando assimilar a súa ausencia. Escribo en plural pola seguridade de que somos moitas as persoas que estamos realizando ese proceso: familia e amizades e persoas coñecedoras do seu labor que valoramos a importancia da súa perda. Estamos nos dominios da dor e da memoria, vivindo a desolación causada pola perda e a esperanza xerada pola súa lembranza.

Quico naceu en Santa Uxía de Ribeira no ano 1944. Uns anos antes, seu pai, mestre con destino en Baio, fora vítima do sistema de represión e depuración de ensinantes executada polo réxime franquista: xa en agosto de 1936 foi suspendido de emprego e soldo e chegoulle a suspensión definitiva en xuño de 1941. Con todo, el non abandonou a súa profesión e impartiu aulas particulares na casa, en Ribeira. A familia recibiu un golpe aínda máis duro coa súa morte temperá, cando Quico contaba cinco anos. Esta situación levou un neniño a asumir responsabilidades propias dos adultos e buscar pequenos traballos para achegar algúns medios á casa. Sen dúbida esa experiencia influíu decisivamente a formar nel unha personalidade marcada pola responsabilidade, o traballo e un alto sentido da xustiza.

Mentres colaboraba canto podía na economía familiar, sempre mantivo a formación como unha prioridade. Estudou o bacharelato



en Ribeira e despois foise a Vigo, á Escola de Peritos Industriais, onde coñeceu a Xaime Isla. De comezos de 1965 é a súa primeira colaboración con SEPT, que aínda non estaba formalmente constituída, pero que tivo nese momento un papel fundamental na loita pola aprobación da liturxia en galego. Entre outras iniciativas, as persoas de SEPT promoveron unha recollida de sinaturas a prol do galego como lingua litúrxica, que resultou definitiva para que o cardeal Quiroga fixese a correspondente solicitude ante o *Consilium* en febreiro de 1966. Nesa recollida de sinaturas andou Quico ocupado e xa nunca abandonaría a súa implicación coa liturxia en galego.

No mesmo 1965 comezou outra etapa formativa na Escola de Enxeñeiros Industriais de Bilbao, onde seguiu compaxinando os estudos e o traballo. Neses anos afondou no sentimento galeguista colaborando nas actividades culturais das entidades de emigrantes galegos, coma o Centro Galego de Baracaldo.

En 1970 volveu a Vigo para desenvolver a súa profesión de enxeñeiro industrial na empresa privada e onde acabou completando o seu ciclo formativo co doutoramento pola Universidade de Vigo, na que tamén desempeñou actividade docente. Na procura dun grupo ou organización no que poder desenvolver as súas preocupacións galeguistas, culturais e relixiosas, entrou a formar parte de SEPT en 1971 e no 1972 foi nomeado director-xerente, mentres Alfonso Zulueta era elixido presidente. Ambos foron o cerne da estrutura de SEPT e os motores das súas actividades. Pero sen dúbida a empresa fundamental que promoveron, e na que Quico se encargou de todo o complexo traballo organizativo, foi a tradución da Biblia ao galego e a súa publicación.

Cando falece Alfonso Zulueta en 2017, Quico asumiu a presidencia de SEPT e mantivo a súa actividade mentres a saúde llo permitiu, impulsando a cuarta edición da Biblia, realizada despois dunha profunda revisión lingüística.

Non se limitou a isto o seu labor. Era sabedor de que nunha sociedade son moitos os campos nos que hai que traballar e non aforrou esforzos nin mirou para outro lado. Participou en política

nos anos da Transición, colaborou en empresas culturais coma a Editorial Galaxia e a Fundación Penzol e noutras de tipo socio-cultural coma a Escola de Formación Social de Vigo. Tamén foi director da *Cáritas* diocesana de Tui-Vigo.

Habemos lembrar tamén o seu papel na aparición de *Encrucillada*. Consta que foi nas xuntanzas dos Coloquios onde se comezou a falar da necesidade de publicar en galego unha revista das características que desenvolveu *Encrucillada*. A idea foi ben acollida en SEPT e Quico levou persoalmente todo o proceso administrativo, que foi realmente complicado, ata conseguir a aprobación para a publicación.

Non é necesario citar polo miúdo todas cantas actividades realizou Quico neses case 55 anos que viviu en Vigo para que saibamos que o seu labor foi inmenso. Chamounos sempre a atención a súa capacidade para atender tantas e tan diferentes ocupacións ao mesmo tempo e a súa preocupación pola organización e disciplina no traballo.

Coñecemos unha persoa polo que fai ou fixo, polas súas obras. Coñecémola mellor sabendo cales foron as motivacións, os principios que a movían a actuar. A actividade de Quico estivo impulsada por un irredutíbel sentido da xustiza, que era a amálgama de todas as súas motivacións, o que unía os sentimentos galeguista e cristián, porque é un deber de xustiza a loita pola dignidade das persoas individuais e a do pobo e a súa cultura no seu conxunto. E non entendía Quico un cristianismo que non marche collido da man co pobo.

Quico foi persoa de fe firme, consciente e doído pola falta de compromiso da Igrexa con Galicia. Aínda así, a súa vida estivo sempre chea de esperanza e nunca escatimou esforzos por conquistar un ceo novo e unha nova terra, onde habite a xustiza.

Queden estas palabras como recoñecemento e agradecemento ao seu xeneroso traballo, pois quen procura xustiza e lealdade, acada vida e mais honra.

Silvestre Gómez Xurxo